- c) Protección de medio ambiente
- Prestar asistencia técnica precisa para a tramitación dos expedientes de licenza de apertura, declaración responsable ou comunicación previa tanto de actividades inocuas, como de actividades sometidas a regulamentación de actividades clasificadas, emitindo a tal fin os informes, documentos, e estudos que sexan precisos, e efectuando as inspeccións e verificacións que se requiran.
- Inspección para verificación do cumprimento de calquera normativa de protección medio-ambiental vixente, incluída a realización das verificacións e medicións acústicas e dos niveis sonoros, de oficio ou a instancia de parte.
- d) Patrimonio Histórico
- Estudos, análises, informes e licenzas así como no seu caso, os expedientes de declaracións responsables/comunicacións previas e comunicacións de cambio de titularidade relacionadas co Conxunto Histórico Artístico, Catálogos de Protección elaborados polo Concello, inmobles protexidos ou inventariados por outras administracións e cuestións plantexadas por outras administracións ou particulares, respecto a elementos inmobles protexidos ou da súa posible protección, excepto os aspectos relacionados con cuestións de disciplina ou policía non mencionados

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

anteriormente.

- Emitir informe técnico urbanístico, no centro histórico en relación coas solicitudes de licenzas de obras ou instalacións na vía pública das empresas de servizos (electricidade, auga, telefonía, gas, e, no seu caso, televisión por cable, redes telemáticas, emisores/repetidores de telefonía móbil, e análogos), dentro das súas competencias e informes sobre sinais de pasaxe permanente, reservas, autorizacións de ocupación de vía pública, concesións, etc., no centro histórico.

- Inspección urbanística e informes técnicos en expedientes sancionadores e de reposición da legalidade urbanística por ilícitos urbanísticos no centro histórico.
- Velar polo cumprimento da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Redacción de informes en relación coa elaboración dos distintos instrumentos urbanísticos.
- Elaboración de documentos para a mellor xestión da protección do patrimonio arqueolóxico (instrucións, etc.).
- Dirixir as actuacións arqueolóxicas municipais, sempre que sexa compatible co desenvolvemento das demais funcións.
- Xestión da protección do patrimonio arqueolóxico e etnográfico do Concello diante dos cidadáns con elementos deste patrimonio localizados nas súas propiedades, en particular diante das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.
- e) Arqueoloxía
- Redacción de proxectos arqueolóxicos nas obras municipais, así como informes aos proxectos de actuación que sexan remitidos á Consellería de Cultura para a súa autorización.
- Proporcionar os datos necesarios aos arqueólogos directores dos proxectos de intervención arqueolóxica.
- Informar, de acordo co PEPRICA, a Lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español e a Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia, os proxectos de obras previamente á concesión das licenzas nos termos establecidos na normativa das ordenanzas do Patrimonio Arqueolóxico; e se é o caso, establecerá as cautelas previstas na lexislación vixente, así corno as demais funcións administrativas determinadas nas citadas ordenanzas.
- Informar, previamente á concesión de licenzas e de acordo á normativa vixente en materia urbanística e de protección do patrimonio cultural, os proxectos de obras a realizar no contorno dos xacementos arqueolóxicos catalogados do Concello.
- Coordinación e centralización das diferentes actuacións arqueolóxicas, impulsando e actualizando o Libro Rexistro Arqueolóxico do Concello. Así mesmo, elaboración da cartografía arqueolóxica do municipio, e actualización dos inventarios de patrimonio arqueolóxico e etnográfico do Concello.
- Elaboración ou coordinación da elaboración, e actualización de fichas de estado de conservación do patrimonio arqueolóxico e etnográfico do Concello.
- Inspección das actuacións arqueolóxicas, velando polo cumprimento dos proxectos e efectuando o seguimento arqueolóxico correspondente.
- Propor a modificación do planeamento para incluír como zonas protexidas aquelas

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

de comprobada riqueza patrimonial pero que se atopen fora do ámbito do PEPRICA ou sen a protección axeitada.

- Definir a metodoloxía a adoptar nas diferentes actuacións arqueolóxicas no referido á aplicación de cautelas.
- Realizar inspeccións de oficio ou por denuncia, de obras e intervencións arqueolóxicas no termo municipal.
- Actualizar o coñecemento histórico da cidade relacionando os resultados puntuais das distintas actuacións arqueolóxicas en solares e espazos públicos, e materializando estes avances en publicacións científicas e divulgativas.
- Elaboración e execución de programas e actividades de investigación, posta en valor e/ou divulgación do patrimonio cultural do concello. Isto se poderá levar a cabo en colaboración con outros servizos municipais.
- Elaborar e propor ao órgano competente do Concello un Plan Anual de Actividades de investigación, posta en valor e/ou divulgación do patrimonio cultural, así como o orzamento derivado desta programación.
- Colaborar de modo permanente coa Área de Urbanismo nas solicitudes de informes, actuacións e proxectos que lle sexan requiridos por ela.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación arqueolóxico.
- f)Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación, en especial a emisión de informes de apoio que sexan necesarios para realizar actuacións no ámbito tributario, e non poidan ser emitidos por persoal adscrito aos servizos tributarios.
- g) A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia e puntualidade.
- 4.4 SERVIZO DE DISCIPLINA URBANISTICA, MEDIO AMBENTAL E POLICIA ADMINISTRATIVA
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de servizo
- Funcións:
- a) Disciplina urbanística:
- Tramitar a emitir informes xurídicos nos expedientes sancionadores por infracción urbanística e de restauración da legalidade urbanística.
- Licencias de legalización, primeiras ocupacións e aperturas relativas a obras de infracción urbanística.
- Información ós cidadáns que acoden o mercado inmobiliario sobre a legalidade das vivendas en construción.
- Ordes de execución por motivos de seguridade e ruínas. Xestión das inspeccións técnicas dos edificios e certificacións.
- Informes en expedientes de conexión de servizos urbanísticos: auga, rede de sumidoiros.
- Exercer a disciplina urbanística nos expedientes de declaracións responsables/comunicacións previas para a prestación de servizos, instalacións e

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

apertura de establecementos así como de comunicacións de cambios de titularidade.

- b) Disciplina medio ambiental:
- Tramitar, e emitir no seu caso informe xurídico respecto das denuncias medio ambientais e en xeral expedientes relacionados coa aplicación da lexislación de protección do medio ambiente, ruídos, contaminación acústica, fumes, gases, residuos sólidos, verquidos etc..
- Defensa do patrimonio natural e forestal: tala de árbores
- Expedientes de ordes de execución en materia de limpeza de fincas, cumprimento das condicións de ornato...
- Impulsar as ordes de execución no caso de incumprimentos.
- c) Policía administrativa:
- Procedementos sancionadores en relación con infraccións en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial,
- Procedemento sancionador en relación con infracción de ordenanzas, bandos e relacionados con establecementos públicos e actividades, que non corresponda tramitar a outro servizo.
- Tramitación do procedemento para autorización de sinais de pasaxe permanente, entradas de carruaxes, carga e descarga, veladores, etc..
- Autorización de ocupación de vía pública, excepto as que sexan competencia do Servizo de Cultura.
- Expedientes relativos a seguridade viaria.
- Expedientes relativos a venda de vehículos abandonados
- Realizar os informes xurídicos que sexan preceptivos co visto e prace, cando sexa procedente, do titular da asesoría xurídica ou órgano que teña asinada esta función.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade„.
- Permisos de armas.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación, en especial a emisión de informes de apoio que sexan necesarios para realizar actuacións no ámbito tributario que non poidan ser emitidos polo persoal adscrito aos servizos tributarios.
- 5.- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, PROXECTOS E OBRAS
- 5.1 OFICINA TÉCNICA DE ARQUITECTURA E PLANEAMENTO
- Configuración:
- Órgano de asistencia e asesoramento con rango orgánico de Oficina Técnica.
- Funcións:
- a) Arquitectura.
- Efectuar, de acordo coas prioridades, criterios e orientacións da superioridade, os traballos técnicos relativos á redacción e dirección da execución de proxectos de

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

edificación de promoción municipal, pudendo alcanzar proxectos de edificación de nova planta ou de reforma de todo tipo de edificios municipais: administrativos, mercados, centros culturais, centros educativos, asistenciais, sanitarios, funerarios, vivendas sociais e de promoción pública en xeral, e instalacións deportivas.

- Efectuar, de acordo coas prioridades, criterios e orientacións da superioridade, traballos técnicos relativos á redacción e dirección da execución de proxectos de urbanización, e de infraestrutura urbana de promoción municipal, con valoración, no seu caso, dos bens e dereitos afectados a expropiar e do reparto das contribucións especiais a impoñer: acceso aos núcleos de poboación, pavimentación de viais, beirarrúas, espazos libres e zoas verdes, que non estean atribuidas á Oficina Técnica de Medio Ambiente,
- Efectuar, de acordo coas prioridades, criterios e orientacións da superioridade, traballos técnicos relativos á redacción e dirección da execución de proxectos reurbanización, e mellora da infraestrutura urbana de promoción municipal. Informar proxectos de urbanización presentados por particulares, verificar, informar e propoñer, no seu caso, prescricións previas á recepción de obras de urbanización de polígonos ou unidades de actuación promovidas por particulares, no ámbito funcional que compete a esta oficina técnica.
- Realizar valoracións excepto nos procedementos de restauración da legalidade urbanística e nos expedientes sancionadores urbanísticos.
- Redactar os informes que foran necesarios ao obxecto de contratar obras.
- Efectuar a dirección técnica da execución de aqueles proxectos que afecten ó ámbito funcional da unidade, ou ben efectuar a supervisión e o seguimento de aqueles que dirixan técnicos externos neste campo, emitindo ou validando certificacións de obra, estados de medicións, actas de replánteo, e actas de recepción.
- Adicionalmente, esta Oficina Técnica asume a Dirección Técnica (ou a Supervisión no caso de participar a este fin algún técnico externo) da execución dos proxectos de urbanización de que o municipio sexa promotor.
- Efectuar a verificación, informe e proposta, no seu caso, de prescricións previas ao proxecto, execución e recepción de obras de urbanización de polígonos ou unidades de actuación promovidas por particulares.
- Redacción de proxectos de obra e reformas relativos a edificios e terreos de propiedade municipal.
- Informes sobre desperfectos e deficiencias do patrimonio municipal no ámbito da súa competencia.
- Redacción de informes para a imposición de fianzas por ocupación ou autorización de uso común especial da vía pública sen prexuízo das que poidan impoñer as restantes oficinas técnicas no eido das súas atribucións.
- Supervisión de proxectos.
- Dirección das medidas de reposición da legalizade urbanística en casos de execución subsidiaria con ausencia de técnico director de obras.
- Informes periciais en ordes de execución e ruína e asistencia ao corpo de bombeiros candos se requira.
- Informes relacionados co patrimonio municipal, inventario, deslinde, investigación

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

e recuperación de bens patrimoniais, informes periciais sobre bens e dereitos.

- Informes sobre desperfectos e deficiencias do patrimonio municipal na área da súa competencia.
- Redacción de proxectos de demolición derivados de expedientes de infracción urbanística ou que sexan ordenados polo órgano competente.
- Redacción de informes para a contratación de obras e valoración de fincas no ámbito da súa competencia.
- Colaborar de modo permanente coa Área de Urbanismo nas solicitudes de informes, actuacións e proxectos que lle sexan requiridos por ela.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación, en especial a emisión de informes que sexan necesarios para realizar actuacións no ámbito tributario.
- b) Planeamento Urbanístico:
- Realizar, de acordo coas prioridades, orientacións e criterios fixados pola Xefatura da Área, os traballos técnico-operativos referidos á redacción das figuras de planeamento que promova o Municipio, podendo alcanzalo dende os documentos de planeamento ata estudos de detalle e actuacións illadas no solo urbano, pasando por todo tipo de planes especiais, planes parciais, proxectos de reparcelación o compensación, proxectos de delimitación poligonal e, en xeral de todas as figuras de planeamento que tipifique a lexislación urbanística.
- Verificar, informar, e propoñer, no seu caso, prescricións das figuras de planeamento promovidas por particulares, de acordo coas prioridades, orientacións e criterios fixados pola Xefatura da Área.
- Informes sobre as aliñacións e rasantes que afectan ós predios segundo as determinacións do planeamento vixente.
- Informes sobre a adecuación dos proxectos de urbanización ás determinacións do planeamento, se están contidos no planeamento e si se axustan seus aspectos meramente urbanísticos a efectos da súa recepción,
- c) Xestión Urbanística:
- Prestar asistencia técnica á Oficina Xurídico-Administrativa en materia de xestión urbanística, informando preceptivamente (e no seu caso, emitindo estudos específicos) convenios urbanísticos, permutas, expropiacións, bases de actuacións de xuntas de compensación, distribucións de cotas de participación, cambios de sistema de actuacións, cesións de solo e actos administrativos que correspondan ao ámbito da xestión urbanística.
- Facilitar aos interesados información sobre clasificación e cualificación urbanística dos terreos, e estender, no seu caso, as correspondentes cédulas e informes.
- d) A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade.
- 5.2 OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBENTE, INFRAESTRUTURA , ENXEÑERÍA E SERVIZOS
- Configuración:
- Órgano de asistencia e asesoramento con rango orgánico de Oficina Técnica.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Funcións:
- a) Redes de servizos e infraestrutura urbana:
- Efectuar, de acordo coas prioridades e orientacións fixadas pola Xefatura do Área, a redacción e dirección da execución de proxectos de alumeado público, captación e abastecemento de augas, redes de saneamento, colectores, emisarios submarinos, estacións depuradoras, redes semafóricas, infraestruturas de control de tráfico rodado, e análogos.
- Infraestruturas en zonas rurais (isto é camiños rurais, obras hidráulicas, redes de servizos, alumeado público).
- Informes sobre desperfectos e deficiencias do patrimonio municipal no seu ámbito de competencia.
- Mantemento da infraestrutura urbana. Os técnicos medios exercerán de acordo coa distribución de competencias establecida que posteriormente se describe, a dirección técnica das distintas Brigadas Operativas (electricidade, parque móbil, obras e xardinería).
- Confeccionar planes de conservación e mantemento de xardíns, zoas verdes, parques públicos, e espazos urbanos axardinados o arborados en xeral.
- Programar e propoñer prioridades sobre as obras de conservación de espazos libres que se realicen por medios propios.
- Efectuar a dirección técnica dos traballos de conservación que executen directamente as brigadas das distintas especialidades.
- Prestar asesoramento técnico sobre o uso de medios mecánicos e supervisar a planificación do traballo das diversas unidades operativas.
- Supervisar e avaliar os resultados das distintas unidades operativas,
- Supervisar e executar as obras e outros requirimentos que se deriven das análises dos pastos de traballo como consecuencia das medidas de prevención de riscos laborais. Efectuar a dirección técnica da execución de aqueles proxectos que afecten ó ámbito funcional da unidade, ou ben efectuar a supervisión e seguimento de aqueles que dirixan técnicos externos neste campo, emitindo ou validando certificacións de obra, estados de medicións, actas de replanteo e actas de recepción.
- Informar, no ámbito da súa competencia, o Plan Xeral e as sitas modificacións e o planeamento do desenvolvemento.
- Informar proxectos de urbanización presentados por particulares, verificar, informar e propoñer, no seu caso, prescricións previas á recepción de obras de urbanización de polígonos ou unidades de actuación promovidas por particulares, no ámbito funcional que compete a esta oficina técnica.
- Redactar proxectos e estudios técnicos dentro do ámbito da súa competencia profesional.
- Emitir os informes técnicos que sexan precisos en relación cos expedientes administrativos relativos á contratación o concesión de servizos, prórrogas, revisións de prezos, imposición de sancións o penalizacións por incumprimentos contractuais, reversións, ampliación de servizos, e en xeral cantos se instruían en relación co ámbito dos servizos urbanos, no ámbito das súas competencias,

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Emitir informe técnico en relación coas solicitudes de licenza de obras o instalacións na vía pública das empresas de servizos (electricidade, auga, telefonía gas, e, no seu caso, televisión por cable, redes telemáticas, emisores/repetidores de telefonía móbil, e análogos), no ámbito das súas competencias.
- Supervisión de proxectos.
- b) Actividades e Protección do Medio Ambiente;
- Realizar as inspeccións relativas ao incumprimento da normativa sobre regulamentación de actividades, levantando as correspondentes actas, e emitindo cantos informes técnicos se precisen para a instrución e resolución dos expedientes administrativos que se sigan en relación con estas materias.
- Recepcionar e rexistrar as declaracións de vertidos líquidos, e residuos sólidos y oleosos.
- Atender, verificar e informar as denuncias relativas a actuacións contrarias as normativas e protección medioambiental en todos os seus aspectos : contaminación atmosférica, vertidos a ría, polución de cursos de auga ou de acuíferos soterrados,polución acústica, ou, no seu caso, actividades que vulneren as medidas de protección de espazos naturais.
- Efectuar o control dos vertedoiros, escombreiras e depósitos de residuos existentes, con especial atención á actividade inspectora destinada a detectar e corrixir instalacións deste tipo non autorizadas ou debidamente legalizadas.
- Emitir informes técnicos relativos á ubicación, tipoloxía e características, medidas de protección do entorno e dos acuíferos, clase de residuos e tipo de tratamento das plantas de eliminación de residuos industriais, cando así se requira.
- Redactar propostas, emitir informes, e efectuar inspeccións relativas á protección do solo e masas forestais en zoas rurais.
- Plans de reforestación.
- Propoñer iniciativas en materia de parques naturais.
- Canalizar as actuacións municipais de cooperación con outros administracións en materia de protección do medio natural.
- Inspección e seguimento dos servizos concesionados ou contratados a empresas (abastecemento de auga e saneamento). Dita inspección comprenderá o velar polo cumprimento dos pregos de condicións que no seu día serviran de base para contratar o concesionario do servizo, o regulamento do servizo, no seu caso, e as normativas que en cada caso sexan de aplicación, así como atender as queixas dos usuarios, verificalas, e no seu caso establecer as oportunas correccións.
- c) Actividades de medio ambiente natural:
- Xestión dos espazos ou zonas naturais: xunqueiras, ríos e ría, principalmente.
- Policía sobre a tenza de animais potencialmente perigosos e demais animais en xeral (inclúense gando mostrenco abandonado ou sen dono identificado e a problemática aparellada)e as cuestións relativas á canceiras municipal, que inclúe recollida de animais abandonados e mortos.
- Policía en materia de verteduras.
- Xestión e supervisión do ciclo da auga (potabilización, rede de saneamento municipal, etc.).

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Organización e planificación do traballo da brigada.
- d) Tráfico e seguridade cidadán:
- Prestar debida asistencia técnica, cando sexa requirido, ó corpo de bombeiros. Facilitar a asistencia técnica precisa á Policía Local.
- Efectuar estudios, informes e propostas sobre medidas de ordenación da circulación de vehículos e peóns.
- Prestar asistencia técnica en orde a: direccións do tráfico, preferencias de paso e stop, prohibicións de xiro, prohibicións de circulación, limitacións de velocidade, limitacións horarias de circulación, paradas de taxi, pasos de peóns, zoas e paseos peonís, zoas de ensinanza de condutores, elementos auxiliares de circulación e calquera outra que se sexa requirida.
- Estudio de medidas temporais de ordenación do tráfico en determinadas zoas con motivo da execución de obras 01.1 celebración de actos.
- Redacción de estudios e proxectos sobre ubicación e características dos elementos das redes semafóricas, sinalizacións verticais e horizontais, e elementos auxiliares de circulación (espellos, reflectantes, ..).
- Estudios xerais sobre seguridade vial e risco de accidentes.
- Transporte de mercancías dentro da cidade: determinación de zoas, horarios, ordenación da carga e descarga, informe de licencias de transportes especiais e perigosos dentro da cidade.
- Informes sobre idoneidade de zonas de aparcamento.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade...
- Supervisión de proxectos.
- Inspección e seguimento dos servizos concesionados ou contratados a empresas (recollida e eliminación de residuos sólidos urbanos, limpeza de edificios, limpeza viaria, e cantos poidan establecerse por este procedemento nun futuro). Dita inspección comprenderá o velar polo cumprimento dos pregos de condicións que no seu día serviran de base para contratar o concesionar o servizo, o regulamento do servizo, no seu caso, e as normativas que en cada caso sexan de aplicación, así como atender as queixas dos usuarios, verificalas, e no seu caso establecer as oportunas correccións.
- Informar sobre os expedientes de contratación relacionados cos servizos concesionados ou contratados a empresas cando sexa necesario un informe técnico.
- Colaborar de modo permanente coa Área de Urbanismo nas solicitudes de informes, actuacións e proxectos que lle sexan requiridos por ela.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación, en especial a emisión de informes que sexan necesarios para realizar actuacións no ámbito tributario.
- 5.2.1 ELECTRICIDADE
- Configuración:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Unidade Operativa
- Funcións:
- Traballos operativos de conservación, mantemento e reposición das instalacións da rede de alumeado público da cidade,
- Execución e retirada de instalacións eléctricas ornamentais.
- Reparación de condución e sistemas eléctricos e telefónicos de instalacións e edificios municipais.
- Execución de instalacións en edificios e centros municipais.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación.
- 5.2.2 PARQUE MÓBIL
- Configuración:
- Unidade Operativa
- Funcións:
- Levar un Inventario actualizado de todos os vehículos de titularidade municipal (Alcaldía, Bombeiros, Policía Local, Brigadas, Servizos Técnicos, Servizos Sociais, Servizo de Notificadores etc.)
- Confeccionar un estudio individualizado de cada vehículo no que figure a antigüidade, o condutor ou condutores, os quilómetros percorridos, o consumo de combustible e as reparacións efectuadas, para poder coñecer a súa situación e rendibilidade en cada intre.
- Velar pala súa conservación e mantemento propoñendo as reparacións necesarias.
- Realizar pequenas reparacións nos vehículos municipais para a posta a punto dos mesmos.
- Velar pola realización das inspeccións técnicas de cada vehículo nos prazos establecidos regulamentariamente.
- Seguimento do estado de conservación de cada vehículo, propoñendo a súa retirada (baixa tráfico) da circulación e, no seu caso, substitución cando resulte antieconómica a dia reparación.
- Formular propostas ao Tenente de Alcalde delegado de Facenda e Patrimonio para a autorización de reparacións seguindo as d'as directrices.
- Conformar as facturas correspondentes aos traballos de reparación en todos os vehículos municipais velando pola correcta execución dos traballos conforme aos orzamentos autorizados.
- Condución de aqueles vehículos para os que lle habilite o seu carné de conducir cando o demanden necesidades do servizo.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación.
- 5.2.3 PARQUES E XARDÍNS
- Configuración:
- Unidade Operativa
- Funcións:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Realizacións dos traballos operativos referidos á implantación, conservación, mantemento e mellora de xardíns, parques urbanos e zonas urbanas arboradas e axardinadas en xeral: selección de especies, preparación de terras, labrado, cultivo, plantación/sembra, rego, bono, poda/sega, hibridación, instalación de medios de protección de exemplares, e, en fin, cantos traballos sexan precisos para o correcto coidado de ditas zonas,
- Selección, implantación e coidado das plantas de interior y de exterior nos edificios e dependencias municipais.
- Entretemento dos equipos mecánicos da unidade (segadoras, sulfatadoras, motocultores, desbrozadoras).
- Manexo dos equipos mecánicos e móbiles asinados ó servizo.
- Viveiro
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación.
- 5.2.4 OBRAS E MANTEMENTO.
- Configuración:
- Unidade Operativa
- Funcións:
- Traballos operativos de conservacións e mantemento de pavimentos, encintados e beirarrúas de viais públicos urbanos,
- Traballos operativos de conservación e mantemento de vías rurais municipais. Reposición de firmes en mal estado.
- Execución de obra nova.
- Entretemento dos equipos mecánicos da unidade
- Traballos operativos de conservación e mantemento de edificios e dependencias municipais: administrativos, culturais, deportivos, lúdicos, educativos, mercados municipais.
- Manexo dos equipos e medios mecánicos e móbiles asinados ó servizo.
- Traballos operativos de rehabilitación ou reforma de edificios municipais. Traballos operativos de conservación e mantemento de mobiliario urbano: parques infantís, papeleiras, bancos, sinalización vertical.
- Traballos operativos de instalación de mobiliario urbano.
- Reposición de elementos
- Execución de obra nova
- Sinalización viaria horizontal e vertical
- Reposición de instalacións semafóricas.
- Traballos operativos de conservación e mantemento das instalacións da rede semafórica da cidade.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación.
- 5.2.6 SINALIZACIÓN VIAR1A E SEMAFORIZACIÓN
- Configuración:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Unidade Operativa
- Funcións:
- Manexo dos equipos e medios mecánicos e móbiles asinados ó servizo,
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación.
- 6 INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de órgano directivo.
- Funcións:
- As que se recollen no regulamento orgánico do goberno e da administración do concello de Pontevedra.
- 6.1 SERVIZO DE INTERVENCIÓN
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de servizo
- Funcións:
- Realizar todas tarefas operativas, prácticas, de informes, ditames e propostas relativas ás funcións propias da intervención.
- Fixar os obxectivos das unidades adscritas a Intervención, verificando a efectiva orientación da actividade das unidades cara eses obxectivos, e avalando os resultados conseguidos en relación aos mesmos.
- Planificar o desenvolvemento das funcións que dependan do pasto, fixando prazos de execución, criterios de actuación, resultados, medios e recursos de que deban dispoñer para ilo, e relacións externas ás que deban acceder.
- Atender as necesidades dos medios técnicos e materiais e de dotación de recursos humanos dependentes.
- Resolver os conflitos, ambigüidades ou cuestións que poidan suscitar a delimitación de funcións e competencias dos distintos postos de traballo dependentes.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así corno o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade...
- 7. ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de órgano directivo.
- Funcións:
- As establecidas para este órgano no Regulamento Orgánico de Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra e ademais as seguintes:
- Confeccionar mensualmente a nómina do persoal, en todas as súas fases. Confeccionar as liquidacións da seguridade social.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao órgano así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

vacacións, días libres, asistencia, puntualidade...

- 7.1. SERVIZO DE CONTABILIDADE.
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de sección.
- Funcións:
- As funciones asignadas ao órgano de xestión orzamentaria e contabilidade Regulamento Orgánico de Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra relacionadas coa contabilidade.
- 8. ORGANO DE TESOURERIA E XESTIÓN TRIBUTARIA
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de órgano directivo.
- Funcións:
- As asignadas a este órgano no Regulamento Orgánico de Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade...
- 8.1 SERVIZO DE TESOURERIA E RECADACIÓN.
- Configuración:
- Órgano de asistencia.
- Funcións:
- As asignadas ao Órgano de Tesoureira e Xestión Tributaria no Regulamento Orgánico de Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra relacionadas coa tesouraría e a recadación.
- Redactar os informes técnico-xurídicos precisos para a tramitación dos expedientes que se instrúan nestas dependencias.
- Render ao Servizo de Contabilidade a información dispoñible acerca dos ingresos obtidos na tesouraría.
- Manter actualizada a base de datos de terceiros, contribuíntes, da que se nutre a aplicación informática de xestión de ingresos evitando duplicidade de datos e omisións de datos esenciais, e tramitando as comunicacións de datos fiscais, todo isto en coordinación cos Servizos de Xestión Tributaria e Coordinación Tributaria.
- Atender e informar aos contribuíntes sobre o alcance das súas obrigas tributarias, indicándolles o tempo e forma de efectuar os seus pagos, así como dos dereitos que lle asistan.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade.
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación.
- 8.2 SERVIZO DE COORDINACIÓN TRIBUTARIA.
- Configuración:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Órgano de asistencia con tipoloxía de servizo
- Funcións:
- As que con carácter xeral se establecen para as xefaturas de servizo e, adicionalmente, as seguintes:
- Liquidar os impostos e taxas vinculadas a inmobles, e que deben ser obxecto de tratamento unitario e automatizado vinculado polo dato da referencia catastral de maneira que poda manterse unha base de datos tributaria única relativa a unidades fiscais de carácter inmobiliario.
- Mantemento e depuración das bases de datos tributarias que se utilicen por todos os servizos incluídos no órgano de tesouraría e xestión tributaria. Entre outras funcións estarán:
- Manter actualizada a base de datos de terceiros, obrigados tributarios, da que se nutre a aplicación informática de xestión de ingresos evitando duplicidade de datos, omisión de datos esenciais, velando que as cargas de información procedente doutras administracións non distorsionen a información desta base de datos, e sempre en coordinación con Tesouraría e Recadación.
- Manter permanentemente actualizados os censos fiscais, naquelas figuras en que así proceda, recabando a información precisa doutras unidades.
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación. Atender ás relacións con administracións públicas e organismos públicos, controlando a débeda que manteñen, propondo expedientes de compensación de débedas, propostas de resolución de recursos e reclamacións presentados, remisión de información que soliciten ditas entidades e requirimento da que se precise.
- Canalizar as relacións externas do Municipio co Centro de Xestión e Cooperación Catastral do Ministerio de Economía e Facenda (IBI), Delegación de Facenda (IAE), Tráfico (IVTM) así como aquelas institucións que nun futuro poidan ter algunha atribución na xestión censual de tributos locais, de xeito que se facilite a tramitación dos padróns tributarios.
- Tramitar os expedientes relativos á imposición e modificación das ordenanzas fiscais das distintas figuras tributarias.
- Emitir cantos informe de natureza tributaria lle sexan encomendados.
- Colaborar na confección dos plans e programas de inspección tributaria que prepare o Servizo de Inspección Tributaria.
- Asistir aos contribuíntes na formulación de autoliquidacións, declaracións e comunicacións tributarias, informándoos sobre o alcance das súas obrigas tributarias e dos seus dereitos, indicándolles o tempo e forma de efectuar os seus pagos, e recepcionando e verificando a documentación acreditativa das bases tributarias.
- Propoñer modificacións ou desenvolvementos nas aplicacións informáticas empregadas no servizo.
- Tramitación e control de notificacións administrativas do Órgano de tesouraría e xestión tributaria.
- Redactar os informes técnico-xurídicos precisos para a tramitación dos expedientes que se instrúan nas unidades asignadas ao servizo.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Elaborar informe-proposta dos recursos e reclamacións dos obrigados tributarios relativos aos tributos que lle incumben baseados en aspectos relativos á fase de xestión tributaria, con independencia da situación ou fase na que se atope o dereito para a facenda municipal.
- Redactar estudos e traballos técnico-xurídicos en relación coa modificación das ordenanzas fiscais das distintas figuras tributarias, imposición de novas figuras tributarias, e en xeral canto se refira á regulación por parte do Concello dos seus ingresos tributarios.
- Tratamento informático dos expedientes de altas e baixas nos censos fiscais, así como efectuar a tramitación administrativa das solicitudes, reclamacións e recursos relativos ás figuras tributarias cuxa xestión lle corresponde.
- Formular propostas motivadas de resolución ó órgano competente derivadas da presentación de recursos e/ou reclamacións.
- Realizar os traballos relativos ao ámbito tributario que lle sexan encomendados pola Titular do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria.
- Tramitar o procedemento de devolución iniciado mediante solicitude ou comunicación de datos que rematara por acordo polo que se recoñeza a devolución solicitada ou a compensación cando proceda.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade.
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación.
- 8.3 SERVIZO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de servizo
- Funcións:
- A colaboración, a petición de calquera servizo incluído no Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria, na correcta identificación dos obrigados tributarios.
- Detectar o fraude fiscal, realizando as actuacións necesarias para evidencialo e combatilo.
- Traballos de inspección permanente dos distintos censos tributarios, segundo as prioridades e planificación establecida dende a Dirección Xeral do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria.
- Asume todas as funcións e actividades referidas ao ámbito da Inspección Tributaria, iso é, comprobación de datos, detección de contribuíntes non dado de alta nos padróns dos distintos tributos, realización dos traballos de campo referidos á actualización e revisión de padróns, verificación dos datos facilitados polos contribuíntes nas súas autoliquidacións, declaracións, reclamacións, recursos ou solicitudes de exencións ou bonificacións.
- Execución de programas de inspección específicos por figuras tributarias, fixando obxectivos temporais que implicará a emisión dun informe-memoria sobre os logros, dificultades e melloras propostas.
- A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Elaborar informe-proposta das reclamacións ou recursos que se interpoñan contra as actuacións ou actas de inspección.
- Realizar os informes xurídicos que sexan preceptivos co visto e prace, cando sexa procedente, do titular da Asesoría Xurídica ou órgano que teña asignada esta función.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade...
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación.
- 8.4 SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA
- Configuración:

  Órgano de asistencia con tipoloxía de servizo
- Funcións:
- As que con carácter xeral se establecen para as xefaturas de servizo e, adicionalmente, as seguintes:
- Liquidar os impostos non vinculados a inmobles ou que non precisan dun tratamento unitario e automatizado vinculado a referencia catastral, tales son o imposto sobre actividades económicas, imposto sobre construcións, instalacións e obras e máis o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Liquidar as taxas non vinculadas a inmobles ou que non precisan dun tratamento unitario e automatizado vinculado a referencia catastral, tanto vinculadas a ocupacións de dominio público como prestación de servizos públicos.
- Redactar os informes técnico-xurídicos precisos para a tramitación dos expedientes que se instrúan nas unidades asignadas ao servizo.
- Tramitar o procedemento de devolución iniciado mediante solicitude ou comunicación de datos que rematara por acordo polo que se recoñeza a devolución solicitada ou a compensación cando proceda.
- Redactar os informes técnico-xurídicos precisos para a tramitación dos expedientes que se instrúan no servizo.
- Tramitación administrativa das solicitudes, reclamacións e recursos relativos ás figuras tributarias cuxa xestión lle corresponde.
- Elaborar informe-proposta dos recursos e reclamacións dos obrigados tributarios relativos aos tributos que lle incumben baseados en aspectos relativos á fase de xestión tributaria, con independencia da situación ou fase na que se atope o dereito para a facenda municipal.
- Colaborar na confección dos plans e programas de inspección tributaria que prepare o Servizo de Inspección Tributaria.
- Propoñer modificacións ou desenvolvementos nas aplicacións informáticas empregadas no servizo.
- Redactar estudos e traballos técnico-xurídicos en relación coa modificación das ordenanzas fiscais das distintas figuras tributarias que lle incumben, imposición de novas figuras tributarias, e en xeral canto se refira á regulación por parte do Concello dos seus ingresos tributarios.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Emitir cantos informes de natureza tributaria lle sexan encomendados.
- Asistir aos contribuíntes na formulación de autoliquidacións, declaracións e comunicacións tributarias, informándoos sobre o alcance das súas obrigas tributarias e dos seus dereitos, indicándolles o tempo e forma de efectuar os seus pagos, e recepcionando e verificando a documentación acreditativa das bases tributarias.
- Formular propostas motivadas de resolución ao órgano competente derivadas da presentación de recursos e/ou reclamacións.
- Realizar os traballos relativos ao ámbito tributario que lle sexan encomendados pola Titular do Órgano.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade...
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación.
- 9. AREA DE PROTECCIÓN CIDADÁ
- 9.1 SERVIZO DE POLICIA LOCAL
- Configuración:
- O Corpo de Policía Local estruturase como un Corpo único, sen prexuízo da existencia de especialidades, baixo a dirección dun órgano de Xefatura en dependencia directa da Alcaldía ou Delegación da Área, si esta existira. Este órgano de xefatura integra secundariamente os resultados obtidos a través da Unidade, de Operacións e da Unidade Loxística.
- As funcións son as que ten asignadas de modo expreso pola Lexislación do Réxime Local, Lei Orgánica de Corpos e Forzas de Seguridade e lexislación de Tráfico, confiren ao municipio, así como aquelas cultas que puideran establecerse por outras disposicións que sexan de aplicación, as cales, basicamente, contéñense no Regulamento da Policía Local do Excmo. Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno da Corporación o día 29/5/1991 (BOP n° 220, de 23 de setembro de 1991).
- Funcións:
- Da xefatura do servizo:
- Ten asignado o desempeño das funcións e responsabilidades inherentes ao posto e que se establecen no Regulamento do Corpo, en particular as previstas nos artigos seguintes:
- - Articulo 3, parágrafo 3'; Desempeñar o mando operativo da Policía Local.
- - Articulo 26-1; 0 Xefe do Corpo da Policía Local será a primeira xerarquía do Corpo e lle corresponde o mando inmediato deste baixo a superior autoridade da Alcaldía, e a dependencia directa do Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.
- - Artigo 26-2: 0 Xefe do Corpo da Policía Local é o responsable da forza as súas ordenes e do comportamento e disciplina e cumprimento das normas de presentación que o integra.
- - Artigo 26-3: Por razón do seu cargo terá as seguintes funcións e responsabilidades:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Exercer o mando directo e inmediato sobre todo o persoal do Corpo, apoiándose na estrutura xerárquica do mesmo.
- A organización e a coordinación de todos os servizos do Carpo
- Ditar as ordenes e instrucións de réxime interno do Corpo, no ámbito da súa competencia, sometendo á sanción da Alcaldía aquelas que pola súa transcendencia así o requiran.
- Asignar os destinos de todo o persoal do Corpo, planificando e inspeccionando os distintos servizos.
- Esixir a todos os compoñentes do Corpo o cumprimento dos seus deberes, sen menoscabo das atribucións que a cada cal correspondan.
- Coa frecuencia que a boa marcha dos servizos esixa, facer revisión xeral ou parcial das diferentes unidades e seccións, respecto ás instrucións, vestiario, material mobiliario, locais e dependencias.
- Reunirse cantas veces resulte preciso ou polo menos unha vez ao mes cos mandos integrantes da Xunta de Mandos para avaliar o funcionamento e necesidades das diferentes unidades e seccións, estudar a coordinación e programación das tarefas encomendadas e informarlles das directrices que guiarán o seu funcionamento.
- Velar pola información, instrución e disciplina dos compoñentes do Corpo.
- Informar á Alcaldía de cantos datos e antecedentes propios de cometido sexan necesarios.
- Presentarse diariamente e sempre que fose requirido á Alcaldía para informarlle do servizo e recibir as ordenes oportunas.
- Acudir, en canto teña coñecemento, persoalmente ao lugar de todo suceso grave, incendio ou calquera outro feito da mesma natureza que ocorra dentro do termino municipal, dispoñendo a prestación dos servizos e adoptando as medidas oportunas. Informar de maneira inmediata os seus superiores, cando a magnitude do caso o requira.
- Formular as propostas oportunas á Alcaldía ou Concelleiro Delegado dirixidas a cubrir as necesidades en medios, formación e persoal do Corpo da Policía Local.
- Formular anualmente a memoria do servizo da Policía Local, na que se recolleran as actividades realizadas durante o ano e as propostas que estime pertinente para mellorar o servizo.
- Acompañar á Corporación sempre que se lle ordene, en todos os actos en que concorra e con a forza que resulte precisa.
- Formular á Alcaldía e ao Concelleiro Delegado todas as propostas necesarias referentes á prestación dos servizos nos que é competente a Policía Local.
- Propoñer as distincións que para os compoñentes do Corpo se determinen,
- Colaborar cos órganos responsables da planificación e sinalización do tráfico.
- Adoptar as medidas pertinentes para a resolución efectiva dos conflitos e situación en que interveñan a Policía Local, sen prexuízo da súa posterior comunicación á Alcaldía ou Concelleiro Delegado.
- Calquera outra que se deriva do exercicio do seu cargo, se lle atribuía

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

regulamentariamente, ou lle ordene a Alcaldía dentro do marco das funcións propias da Policía Local.

- Ademais, emitir proposta sobre a sinalización vial ou corrección de esta, especialmente no referente á seguridade vial e fluidez da circulación.
- Funcións dos inspectores principais:
- Teñen asignado o desempeño das funcións e responsabilidades inherentes ao posto e que se establecen no artigo 27 do Regulamento do Corpo, e en particular o inspector principal subxefe terá a función específica de substituír ao Xefe do Corpo en todas as súas atribucións, en casos de vacante, enfermidade, licencias ou demais ausencias regulamentarias.
- Funcións dos inspectores:
- Teñen asignado o desempeño das funcións e responsabilidades inherentes ao posto e que se establecen no artigo 28 do Regulamento do Corpo, e en particular:
- Exercer as xefaturas de quenda, ou de servizo, garantindo o traslado de información, todo elo segundo o establecido no protocolo de ordes ao efecto.
- Dar conta das incidencias acaecidas no transcurso do servizo, dando conta inmediatamente ao Xefe daquelas de carácter grave ou de especial importancia, e ao inspector principal de servizo no seu caso.
- Funcións dos oficiais:
- Ten asignado o desempeño das funcións e responsabilidades inherentes ao posto e que se establecen no artigo 29 do Regulamento do Corpo, e en particular:
- Auxiliar aos inspectores nas súas funcións e substituílos en caso de ausencia regulamentaria, descansos, licenza ou enfermidade, exercendo a xefatura de quenda nestes casos, garantindo o traslado de información segundo o protocolo ao efecto.
- O oficial designado xefe de sala polo xefe de quenda, deberá actuar segundo o establecido no protocolo e orde ao efecto, transmitindo a información ao xefe de quenda para garantir o traslado da mesma.
- 9.1.1 UNIDADE LOXÍSTICA
- Configuración:
- Sección administrativa e de servizos especiais
- Funcións:
- a) Funcións no ámbito administrativo
- Instruír os expedientes incoados por perdida, extravío ou subtracción das armas ou das súas guías.
- Planificación, supervisión e dirección das prácticas de tiro, coidado e mantemento da galería de tiro, así como elaboración das propostas de adquisición de material necesario para a realización desta actividade. Nesta unidade estará inscrito o instrutor de tiro.
- Práctica de informes reservados previos "á instrución de expedientes disciplinarios Instrución dos procedementos para a corrección de faltas leves que non dean lugar á incoación de expediente disciplinario
- Tramitación das guías e revistas periódicas do armamento e xestión do inventario

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

de armas do Corpo da Policía Local.

- Cursar as denuncias formuladas polos axentes do Corpo aos órganos da Administración Municipal competentes na instrución do expediente correspondente.
- Xestión dos comunicados de accidentes.
- Liquidación e trámites recadatorios das taxas por servizos especiais do Corpo, no seu caso.
- Informar reclamacións contra denuncias e, no seu caso, recursos contra resolucións definitivas.
- Xestión do expediente profesional da Policía Local en coordinación co departamento de Persoal, controlando o absentismo laboral permisos, ausencias, vacacións, altas e baixas.
- Control das notificacións de imposible realización polo procedemento ordinario que deba realizar a Policía Local, encomendándolle a súa notificación á sección procedente da unidade operativa.
- Confección dos partes diarios.
- Xestionar o Arquivo administrativo do Carpo.
- Actividades administrativas referidas ao depósito de vehículos retirados das vías públicas.
- Xestión administrativa e burocrática dos expedientes relacionados coas actuacións, servizos e actividades desenroladas polos servizos do Corpo, para a súa remisión á Alcaldía, Xulgados ou Tribunais, Ministerio Fiscal, Xefatura Provincial de Tráfico ou outros organismos dependentes de outras administracións,
- Apoio administrativo e técnico ao Xefe do Corpo, Xefe da Unidade Operativa e Xefes de quendas de servizo.
- Atención ao público.
- b) Obxectos perdidos:
- Recibir, custodiar e devolver, no seu caso, os achádeos e informar aos órganos correspondentes do Concello para a liquidación das recompensas pertinentes, de conformidade con o que dispoñen os artigos 615 e 616 do Código Civil.
- c) Vestiario:
- Xestionar o almacén de vestiario, prever as reposicións, controlar as entregas.
- d) Notificacións:
- Efectuar notificacións ou encomendárllelas á Unidade Operativa para a súa asignación á sección procedente en determinados casos puntuais que, pala súa natureza, non poidan ou non convenza realizar a través do procedemento ordinario.
- Recepción de comparecencias por denuncia de infraccións administrativas,
- e) Servizos Especiais:
- Efectuar o mantemento dos sistemas de comunicación, material especial e armamento. - Educación vial.
- Condución de vehículos adscritos á Xefatura.
- f) Relación cos medios de comunicación.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- 9.1.2 UNIDADE OPERATIVA
- Configuración:
- Ao mando dun suboficial e baixo a supervisión do Xefe do Corpo integra todas as subunidades ou seccións que desenvolven servizos efectivos de natureza operativa netamente policial.
- Funcións:
- a) Sección De Transmisións- Sala 092:
- Recepción e rexistro das chamadas telefónicas, fax, radiocomunicacións (cos equipos do propio Corpo e se fose necesario cos de outro como a cuxas comunicacións se tivera acceso - Cruz Vermella, Protección Civil, Bombeiros ...etc.), así mesmo recibirán os avisos do 112 e comunicaranse con este servizo cando sexa preciso.
- Comunicación das novidades que pola súa natureza así o requira o mando responsable da sala, ou da quenda se o primeiro estivese ausente, para que adopte as medidas necesarias para a atención do servizo.
- Atención e manexo da Central de Tráfico, dando a información de tráfico aos medios de comunicación.
- Consulta das bases de datos e arquivos instalados ou que se poidan instalar na sala.
- Manexo das aplicacións informáticas existentes ou que se poidan instalar na sala.
- Aquelas outras funcións que pola súa natureza deban desempeñar.
- Os membros das unidades que a continuación se relacionan, en virtude do principio de polivalencia, realizarán todas as funcións que lles correspondan como axentes do Corpo da Policía Local, sen prexuízo de que, en virtude do principio de especialidade, realicen con carácter preferente as funcións que se lle asignan neste proxecto organizativo, tamén con carácter preferente, a súa unidade. Isto implica que cada un dos axentes deberá, cando sexa necesario, realizar funcións atribuídas a outras unidades.
- En calquera caso, as funcións que pola súa natureza, polo horario no que deben ser realizadas, pola composición do servizo nunha quenda determinada, pola situación xeográfica do lugar no que haxa que realizar o servizo, etc., deberán ser realizadas indistintamente polos axentes de aquelas unidades que o xefe de quenda determine.
- b) Sección de Atestados e Investigación:
- Instrución de Atestados por accidentes de tráfico.
- Informes para Xulgados, Tribunais e Ministerio Fiscal.. - Test de Alcoholemia
- Precintos e desprecintos de vehículos
- Informes técnicos, especialmente relativos á seguridade vial en puntos negros de accidentes
- Precintos de locais comerciais, obras, maquinaria e materiais, previa recepción da correspondente orden.
- Denuncias das infraccións en materia de circulación, bandos e ordenanzas.
- Recepción de comparecencias que denuncien feitos constitutivos de presuntos

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

delitos ou faltas, e a tramitación dos correspondentes atestados para a súa remisión á Autoridade Xudicial e o Ministerio Fiscal.

- c) Sección de Seguridade Cidadán:
- Axuda inmediata aos cidadáns, con especial atención nas zonas de presunta conflitividade.
- Apoio continuo e inmediato ao resto das unidades do corpo.
- Patrulla das vías públicas en funcións de prevención de delitos e faltas.
- Denunciar as infraccións en materia de circulación, Ordenanzas e Bandos. Presenza efectiva en materia de prevención, especialmente en zona escolares e lugares de afluencia de xoves.
- Control do horario de peche de establecementos.
- Vixilancia de discotecas, bares, cafeterías e demais establecementos.
- Cooperar nos traballos de inspección urbanística de forma coordinada cos servizos especializados da Administración Municipal.
- Efectuar a paralización de obras, previa recepción da oportuna orden
- Recepción de comparecencias que denuncien feitos constitutivos de presuntos delitos ou faltas, e a tramitación dos correspondentes atestados para a súa remisión á Autoridade Xudicial ou Ministerio Fiscal.
- d) Sección de Tráfico:
- Vixilancia, regulación e ordenación do tráfico nas vías urbanas.
- Vixilancia e control do transporte público e privado, con especial atención ao transporte escolar, transporte de materias perigosas e do servizo de taxis.
- Vixilancia do cumprimento da Ordenanza Municipal de Circulación e Bandos
- Apoio continuo aos demais servizos do Corpo e colaboración especial co equipo de Atestados en casos de accidente.
- Denuncia das infraccións que observen.
- Realizar controis en materia de casco, cinto de seguridade e documentación de vehículos e condutores. Realizar controis en materia de tráfico.
- Solicitar a intervención do guindastre para a retirada de vehículos indebidamente estacionados.
- Vixilancia e regulación do tráfico, con especial atención aos puntos conflitivos e a intensidade do tráfico en horas punta.
- e) Sección de Policía de Barrio:
- e.1.- Policía de Barrio:
- Os Policías adscritos a esta sección terán una presenza continua nas áreas asignadas e manterán un contacto directo coa veciñanza.
- Vixilancia do cumprimento das Ordenanzas, Bandos e demais disposicións.
- Vixilancia e regulación do tráfico, con especial atención aos puntos conflitivos e a intensidade de tráfico en horas punta.
- Vixilancia da legalidade e disciplina urbanística nas áreas asignadas.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Vixilancia de establecementos e lugares de pública concorrencia.
- Control das actividades que se poidan desenrolar nas vías públicas.
- Vixilancia do normal funcionamento dos servizos municipais, tales como auga, "mecido e sumidoiros”
- Formular denuncias das infraccións que observen en relación cos seus cometidos e realizar os correspondentes informes das deficiencias que observen dos servizos municipais.
- e.2.- Servizo de guindastre:
- Retirada dos vehículos das vías públicas nos postos que a lexislación en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial o establecen, así como aquelas outras retiradas que se establezan na ordenanza reguladora do servizo, cumprimentando as denuncias e ordenes de traslado así como a liquidación das taxas.
- e.3.- Vixilancia de edificios municipais
- Vixiar e custodiar os edificios e instalacións que precisan unha vixilancia permanente tales como a Casa Consistorial e Xefatura da Policía Local, así como calquera outro establecemento da mesma institución que o precise por razóns de seguridade, de forma permanente u ocasional.
- f) Patrulla Verde e Rural:
- Exercer a vixilancia das zonas rurais, con especial atención ao cumprimento das
- Ordenanzas e disciplina urbanística.
- Policía ecolóxica de vixilancia de espazos verdes, parques, xardíns, ríos e regatos. e) Prevención e denuncia dos atentados contra o medio ambiente, especialmente por derrames de sustancia, vertedoiros de lixo, etc.
- Control de ruídos e gases de vehículos de motor e ciclomotores.
- Control e vixilancia sobre animais abandonados, e especialmente sobre os cans que sacan os seus donos a pasear e efectúan as súas deposición en lugares non habilitados ao efecto.
- 9.2 SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS
- Configuración:
- O Servizo de Extinción de Incendios se estrutura baixo a dirección dun órgano de xefatura en dependencia directa da dirección do Área.
- Funcións:
- As unidades operativas do Corpo de Bombeiros estruturadas internamente con arranxo a súa escala de mando e as instrucións da súa xefatura teñen asignadas as funcións seguintes:
- Realización efectiva dos servizos de salvamento e extinción de incendios, mediante os elementos persoais e materiais dispoñibles.
- Conservación e entretemento do equipo ó seu cargo e vehículo.
- Fiscalización do cumprimento da normativa relativa á protección contra incendios das edificacións.
- Fiscalización do cumprimento da normativa relativa a seguridade e protección

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

contra incendios en industrias, locais comerciais, locais de recreo e salas de espectáculos.

- a) Atribucións do Área Administrativa:
- Teñen asignado o desempeño das funcións que a lexislación confine á fiscalización do cumprimento da normativa relativa a seguridade e protección contra incendios en industrias, locais comerciais, locais de recreo e salas de espectáculos e incendios das edificacións, etc.
- Elaborar propostas sobre planificación e programación das actividades propias do Centro e sobre revisión de súas necesidades.
- Elaborar propostas sobre o perfeccionamento das prestacións do Centro, a configuración dos pastos, ou o funcionamento dos servizos.
- Elaboración e transmisión de ordenes, instrucións e orientacións.
- Avaliar os resultados e os custos do funcionamento dos servizos do Centro
- Autorizar coa súa firma o visado de documentos que se xeren no Centro Dirixir as tarefas de rexistro e arquivo da documentación do Centro de acordo coas instrución que ao respecto lle sexan remitidas, de oficio ou a súa solicitude, pala Secretaria Xeral.
- Confección dos Partes de Servizo emitidos polo unidade operativa a través dos seus mandos.
- Confección dos Partes de Cargos por servizos prestados dentro do Concello e a súa posterior tramitación ao órgano da administración da súa competencia.
- Render puntualmente ao Servizo de Xestión Tributaria e Outros ingresos de Dereito Público toda a información necesaria para que se podan liquidar as taxas vinculadas a os seus servizos.
- A xestión en coordinación coa Unidade de Persoal
- O relativo ao material do Parque facendo un ficheiro coa relación, data de compra e caducidade para súa posterior reposición (mangueiras, tordas, extintores, botellas de aire, etc.).
- b) Atribucións da Unidade Operativa:
- Actuación directa no caso de sinistro, accidentes, achiques, derrubamentos, catástrofes, coordinadas por un mando.
- Revisión de instalacións contra incendios en industrias, locais comerciais, locais de recreo, centros sanitarios, colexios e salas de espectáculos, apartamentos soterrados e locais comerciais e edificacións.
- Revisión de hidratantes e bocas de incendios da cidade.
- Recadar toda clase de datos sobre a actuación de sinistros, inundacións, accidentes, etc. Para posteriormente facer a confección de partes.
- Colaborar con outros organismos en materia de seguridade e protección (simulacros), etc.
- Revisión do equipo persoal, material diverso para o seu bo funcionamento e conservación.
- Realización de manobras e prácticas dentro do horario de xornada establecida. Velar polo mantemento dos vehículos.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Todas as funcións específicas correspondentes ao posta de acordo coas instrucións e directrices do responsable da unidade operativa.
- 10 ÁREA DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN ECONÓMICA
- 10.1 SERVIZO DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN ECONÓMICA
- Configuración:
- Órgano de asistencia con tipoloxía de servizo
- Funcións:
- Deseñar e propoñer programas de actuación en materia de educación.
- ·Coordinar, supervisar a execución e desenvolver as tarefas operativas necesarias para o cumprimento dos programas que en materia educativa decidan emprender os órganos de goberno da Corporación.
- ·Centralizar as demandas dos directores dos centros educativos públicos en relación coa conservación e mantemento dos edificios e canalizalas,
- Tramitar as solicitudes de concesión de axudas ou subvencións que formulen as entidades vinculadas á ensinanza (APAS, Centros educativos, ...).
- ·Soporte técnico-administrativo das relacións do Municipio con outros niveis institucionais en materia de educación.
- Administración dos mercados municipais. Xestión das concesións e relacións cos usuarios.
- Administración dos cemiterios municipais. Xestión das concesións e relacións cos usuarios.
- Tramitar as altas e modificacións do servizo de sumidoiros e abastecemento de auga.
- Xestión de subvencións e convenios non atribuídos a outros órganos.
- Elaboración e presentación de proxectos europeos.
- Elaboración e posta en marcha de campañas de dinamización e difusión turística. Organización de actividades turísticas.
- Elaboración e posta en marcha de campañas de promoción do comercio.
- Tramitación de subvencións para o desenvolvemento turístico, comercial, industrial e económico en xeral.
- Tramitación de proxectos, subvencións e posta en marcha de programas de emprego e formación para o emprego.
- Realizar os informes xurídicos que sexan preceptivos co visto e prace, cando sexa procedente, do titular da asesoría xurídica ou órgano que teña asinada esta función.
- A organización das tarefas a desenvolver polos traballadores adscritos ao servizo así como o control do persoal ao seu servizo: organización das quendas de vacacións, días libres, asistencia, puntualidade...
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación.
- 10.1.1 MERCADOS
- Configuración:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Órgano de base con tipoloxía de unidade operativa.
- Funcións:
- Administración dos mercados municipais. Reservas de postos, trámite de concesións, liquidación de prezos públicos.
- Velar polo correcto estado de mantemento dos mercados municipais.
- Supervisar o cumprimento das obrigacións dos titulares de pastos de venta en mercados municipais e en mercados itinerantes.
- Vixilancia no interior dos inmobles destinados a mercados e as súas instalacións.
- Velar polo cumprimento da Ordenanza Reguladora da venta Ambulante no termo municipal,
- Vixilancia e control de transeúntes no interior dos mercados.
- Vixilancia e control de todos os produtos destinados á alimentación que se introduzan nos mercados municipais.
- Intervención cautelar de alimentos, bebidas e (nitros produtos para a súa remisión a os órganos sanitarios correspondentes para a súa análise.
- Intervención cautelar de obxectos, prendas de vestir e similares, ou calquera outro produto, de dubidosa procedencia e a súa remisión ás autoridades policiais ou xudiciais.
- Vixilancia do servizo de limpeza de mercados municipais.
- Vixilancia e control de cámaras frigoríficas.
- Apertura e peche dos mercados municipais.
- Control de entrada e saía de vendedores de produtos frescos do Salnés instalados nos aledanos do Pavillón municipal de Deportes.
- Vixilancia e control de vendedores ambulantes na vía pública.
- Vixilancia e control da venta de flores na praza da Ferrería.
- Vixilancia e control da venta de produtos de artesanía instalados na Praza do Teucro.
- 10.1.2. OFICINA XUVENIL
- Configuración:
- Órgano de base.
- Funcións:
- Desenvolver, promover e coordinar programas e actividades municipais de xuventude, que comprendan actividades e servizos que favorezan a inserción da mocidade na vida social activa.
- A elaboración anual de proxectos de orzamentos que respondan aos anteditos programas.
- A xestión administrativa do gasto que corresponda á execución dos programas.
- A xestión administrativa de subvencións con outras administracións públicas.
- A coordinación técnica con outros servizos municipais que executen programas e servizos que se desenvolvan a favor a mocidade. A coordinación dos programas,

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

proxectos e actividades que se determinen a partir da colaboración con outras Administracións Públicas e entidades privadas, especialmente cos colectivos sociais.

- Coordinar actividades nas diferentes instalacións ao servizo da mocidade que sexan de titularidade municipal (Casa Azul e Local de Música), así como aquelas cedidas temporalmente para o desenvolvemento de programas xuvenís como centros culturais, educativos, deportivos...
- Promover e garantir o acceso da mocidade á información e asesoramento sobre materias que resulten do seu interese: emprego, formación, turismo, tempo libre, saúde... O desenvolvemento directo de actividades cos usuarios/as potenciais deste Servizo sobre materias que resulten do seu interese. Elaboración de proxectos, informes e memorias anuais dos diferentes programas de mocidade levados a cabo.
- Apoiar o desenvolvemento do asociacionismo e apoiar aos colectivos xuvenís de cara a favorecer a súa participación social real e efectiva. Redacción e edición do Boletín Informativo Mensual.
- A xestión das actividades e servizos de xuventude determinadas polo Decreto 50/2000 da Consellaría de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia polo que se refunde e actualiza a normativa en materia de Xuventude.
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación.
- 10.1.3 UNIDADE OPERATIVA DE CONSERXERIA DE CENTROS ESCOLARES
- Configuración:
- Órgano de base con tipoloxía de unidade operativa.
- Funcións:
- Atender a conserxería de centros escolares de titularidade pública, cuxa prestación corresponda ao concello.
- Realizar pequenos traballos de mantemento en ditos centros.
- Comunicar as necesidades de mantemento que non poidan ser atendidas polos seus propios medios.

  En concreto, os conserxes dos centros escolares terán as seguintes funcións:

- Vixilancia en xeral das instalacións dos centros.
- Apertura e peche dos das portas do recinto, edificio e demais zonas comúns cada xornada. Antes de comezar a xornada lectiva procederán á apertura das aulas e dependencias do centro, apertura de persianas, acendido de luces, aceso de calefacción, máquinas reprodutoras, así como noutras dependencias comúns.
- Controlar a entrada de persoas alleas ao centro, debendo ter todos os centros timbre.
- Atender a pais, nais e público en xeral, informándoos no posíbel das dúbidas que teñan.
- Coidar de que o alumnado efectúe as entradas e saídas do centro con orde (apoiados polo equipo directivo).
- Controlar que os alumnos e alumnas non abandonen o centro escolar sen ter a

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

debida autorización ou sen ir acompañados dun familiar.

- Coidar de que durante o recreo e nos cambios de aula os alumnos e alumnas non alboroten en pasillos e baños.
- Manter no seu poder, en orde e protexidas, as chaves do centro escolar.
- Recibir e distribuír a correspondencia, documentos, paquetes, etc., que cheguen ao centro escolar
- Comprobar as condicións das billas, sanitarios, luces, calefacción, aulas, persianas, etc., dando conta á Dirección das irregularidades que observe.
- Inspeccionar a limpeza do centro, pondo en coñecemento da Dirección as anomalías que atope.
- Vixiar o nivel de combustíbel e notificar coa suficiente antelación a súa falta.
- Manexar máquinas reprodutoras por encargo da Dirección do centro.
- Prestar servizo de ascensor, mediante o acompañamento, cando o necesite o persoal do centro.
- Efectuar pequenas reparacións ordinarias de fontanería, carpintería, albanelería ou cerraxería e outras similares que non precisen cualificación técnica para a súa realización, como por exemplo:

  - Cambio de lámpadas e tubos fluorescentes.

  - Arranxo das billas que pinguen.

  - Arranxo de accesorios sanitarios: cadeas, cisternas e tiradores.

  - Pequenos arranxos de persianas.

  - Cambio de pechaduras e ferraxes.
- Colaborar cos servizos técnicos do Concello nas reparacións que estes efectúen no centro, sempre que non interfira nas obrigas do seu cargo.
- Velar pola estética do centro e das zonas axardinadas, realizando mínimos coidados de mantemento.
- Revisar, ao remate da xornada escolar, as dependencias do centro, e dar conta á Dirección das incidencias que observe.
- Desenvolver cometidos propios do seu posto de traballo, e que tanto a Dirección do centro coma o Concello poidan encomendarlle:

  - Traslado no interior do centro de mobiliario, trebellos, documentos, cumprindo en todo momento a normativa de prevención de riscos laborais.

  - Transmisión de avisos relacionados co servizo.

  - Outras funcións semellantes ordenadas pola Dirección do centro ou polo Concello.
- Os conserxes que teñan vivenda teñen a obriga de vivir nela.
- Calquera outra que estea comprendida no seu ámbito de actuación.
- 10.1.4 CEMITERIOS
- Configuración:
- Unidade Operativa

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX

- Funcións:
- Administración do Cemiterio Municipal: asignación de sepulturas segundo o Plano de distribución do Cemiterio, planificación dos servizos funerarios, información na tramitación das licencias de enterramento.
- Prestación de servizos funerarios.
- Manexo dos equipos e medios mecánicos e móbiles asinados ó servizo.
- Mantemento, conservación e mellora das instalacións dos Cemiterios Municipais.
- Calquera outra que este comprendida no seu ámbito de actuación.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: ALCALDE
Data: 22/02/2021

Asinado por: RAIMUNDO GONZÁLEZ CARBALLO
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 22/02/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8H6NHB6QBBDQZ4CX